



club alpino
ourenseño

Montaña Palentina (28 de febreiro e 1 de marzo)

Descrición xeral

Na Montaña Palentina existe unha zona que resulta de gran interese para a práctica do alpinismo invernal. O macizo de Fuentes Carrionas é onde os cumes alcanzan a súa máxima altitude e por tanto, onde os desniveis son maiores. Curavacas e Espigüete son as principais representantes deste espazo e forman unha parella na cal se pode gozar da montaña na súa máxima expresión.

Data límite para a inscrición

Mércores 25 de febreiro.

Información útil

Comezo (lugar, hora...)	Día 28: PINOLLANO 8:00h Día 1: VIDRIEROS 7:00h
Material:	Os participantes deben contar co <u>material básico (DÍA 1)</u> : 1 piolet, crampóns e casco (o clube ten un número limitado deste material que podeades solicitar). <u>DÍA 2</u> : 2 piolets, arnés, crampóns, casco, asegurador/descensor (tipo Reverso ou ATC), cordinos para nós bloqueantes, mosquetóns de seguro, cabo de ancoraxe. (Todo o material técnico deberá estar homologado e en bo uso). Material xeral recomendado: botas cramponables ríxidas ou semirríxidas, roupa de abrigo para condicións invernales, luvas, protección solar, mochila de 20-30L, cantimplora ou bolsa tipo camel, barritas ou comida de ataque, frontal.
Pernocta	Albergue Curavacas en Triollo: https://guias-viajes.com/spain/triollo/hostel-curavacas/ https://www.alberguecuravacas.es/ Casa Rural en Vidrieros: https://www.molinodevidrieros.com/valdenievas/index.html
Requisitos para participar	<u>Día 1</u> : Ter feito algún “coñece a montaña invernal” ou saber progresar e autodeterse en montaña invernal. Estar en boa forma física para progresar sobre neve e con desniveis importantes.

	<p><u>Día 2:</u> A maiores, saber encordarse e rapelar. ter feito corredores previamente e estar familiarizado coa progresión neste tipo de ámbito. Non é unha actividade guiada polo que cada un ten que ser autónomo.</p>
N.º Participantes máximo	9

Información técnica

Actividade de montaña

DIA 1: Cresterío Este Espigüete 2450m (PD-, III/1, 1000m)

Descrición da actividade a realizar

Posiblemente o roteiro máis repetido do Espigüete dada a súa nula aproximación. Deixas o coche e xa estas subindo. Moi estética na súa última parte e recomendable cando a calidade ou cantidade de neve fai desaconsellable outros roteiros. Comeza na estrada de Cardaño de Abaixo a Cardaño de Arriba, á altura do aparcamento de Pinollano.

Na primeira parte existen varias posibilidades de entrada. (segundo condicións poderase elixir unha ou outra). Ir gañando altura por zonas pouco definidas ata chegar á propia aresta, bastante aérea nalgúns tramos, o que lle dá un gran ambiente.

Non é o roteiro máis recomendable para o descenso do Espigüete, sobre todo, no inverno, polo que baixaremos polo corredor N.

Horario: 3-4 horas ata o cume principal.

DIA 2: Corredor oblicuo Curavacas 2524 m (PD, III/1, 400m)

Descrición da actividade a realizar

Comezar por unha marcada canle situada na vertical da Canle Sur. Ir ascendendo cara á esquerda, en dirección ás paredes que caen do cume do Pico Medio deixándoas á nosa esquerda, discorrendo nesta última parte polo lado esquerdo da ampla ladeira que separa o Pico Medio do Cume Principal.

Unha vez na aresta da Meseta Inclinada, percorrela en sentido este ata a saída da Canle Sur e de alí ao cume rodeando as paredes polo Norte. Descenderase pola vía do Callejo Grande (Vía normal de ascenso e descenso do Curavacas).

Horario: 3-4 horas ata o cume principal.



Info:

[GUÍA DE ESCALADAS Y ASCENSIONES en montaña palentina, de Tente Lagunilla](#)

[la](#)

Coordinador: Manuel Veiga, socio e federado do

Clube Alpino Ourensán, non é guía titulado, nin se dedica profesionalmente a este ámbito, non cobra polas actividades propostas ou coordinadas xa que non ten unha titulación regulada para poder facelo, pero si presenta unha ampla experiencia como afeccionado no eido da montaña e profesionalmente no campo da docencia. Gosta de adicar certo tempo de lecer a compartir experiencias na montaña cos amigos do CAM baixo a consideración dun guiado benévolo.

Contacto: manu@clubalpinoourensan.es

Sección: Montaña/Escalada.